(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º.....

Serie A N.º 2237070

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 – MARZO – 2009

ORDE DO DIA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN.

2.- ACHEGA DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.

3.- DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL E INTERNACIONAL A FESTA DE CORPUS CHRISTI DE REDONDELA COS EVENTOS CELEBRATIVOS DA COCA, AS PENLAS E A DANZA DE ESPADAS.

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:

4.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLEIROS DELEGADOS.

4.2.- MOCIÓNS.

4.3.- ROGOS E PREGUNTAS

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as vinte trinta horas do día vintecinco de marzo de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO, e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, DONA. LAURA LAGO ALLER, DONA. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, DONA. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, D. JUAN TIZÓN CABALEIRO, D. JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO, D. MIGUEL ANGEL ALVAREZ BALLESTEROS, DONA. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, DONA. MARIA LORENA LÓPEZ RODRÍGUEZ, D. CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, DONA. LAURA ALONSO GÓMEZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, DONA. MARIA ANXELES BABARRO FERNÁNDEZ, DONA. ROSA MARIA COSTAS ESTÉVEZ, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, e D. BENIGNO GARCÍA-LUENGO MONTERO, actuando como Secretaria a Secretaria Xeral da Corporación DONA. ANA BEGOÑA MERINO GIL, constitúese o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

Non asistiu, excusando a súa ausencia, a concelleira DONA. ISABEL CASTRO PIEDRAS.

INCIDENCIAS.-

Con carácter previo no tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das víctimas da violencia de xénero.-

Sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos, cando a voceira do grupo Popular estaba a leer a primeira das súas mocións, por parte de varias persoas, presentes como público no salón de sesións, interrúmpese sucesivamente a sesión para dar lectura a un comunicado. Polo Sr. Alcalde se require aos axentes da Policía Local que proceda a expulsar do salón a ditas persoas e advirte ao público que se seguen as interrupcións suspenderá momentáneamente a sesión cousa que fai durante varios minutos. Reanudada a mesma e con motivo dunha nova interrupción, o Sr. Alcalde suspende definitivamente a sesión.-

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN.-

Dada conta da acta da última sesión, correspondente á celebrada con carácter ordinario o día **10 de marzo de 2009,** non formulándose observacións, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres/Sras. Concelleiros/as, habendo vinte votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 8 do PP, 3 do BNG e 2 do PG), acorda aprobar a acta de referencia.-

2.- ACHEGA DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.-

Dada conta dos seguintes expedientes administrativos de modificación de crédito:

- 41/08, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 30 de decembro de 2008, mediante xeración de crédito por importe de 2.920,00 euros.

- 2/09, aprobado por Resolución da Alcaldía de data 22 de xaneiro de 2009, por transferencia, por importe de 147.783,08 euros.

Non se formulan observacións e o Pleno do Concello queda informado dos expedientes administrativos de modificación de crédito anteriormente relacionados.-

3.- DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL E INTERNACIONAL A FESTA DE CORPUS CHRISTI DE REDONDELA COS EVENTOS CELEBRATIVOS DA COCA, AS PENLAS E A DANZA DE ESPADAS.-

ANTECEDENTES.-

Dictame da Comisión Informativa de Cultura de data 24 de marzo de 2009, que transcrito dí:

"Antecedentes.- Proposta da Presidencia da Comisión, de data 16 de febreiro de 2009, que transcrita dí:

"A importancia das festas da Coca radica nunha tradición histórica de varios séculos arrequecida pola incorporación na súa escenificación doutros elementos patrimoniais sobranceiros: danza das espadas e penlas.

Esta singularidade foi recoñecida pola Xunta de Galicia declarándoa Festa de Galicia de Interese Turístico, a teor do que dispón o artigo 28.1 do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de Festas de Galicia de Interese Turístico (Resolución do 7 de maio de 2001 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 26 de abril de 2001 polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra a festa do Corpus Christi de Redondela, cos eventos celebrativos da Coca, As Penlas e a Danza das Espadas (DOG núm. 95 do 18 de maio de 2001).

A Orde ITC/1763/2006 (BOE núm. 135, do 7 de xuño de 2006), regulamenta a declaración de festas de interese turístico nacional, outorgándolle tal carácter a aquelas festas ou acontecementos que supoñan manifestacións de valores culturais e de tradición popular, con especial consideración a súas características etnolóxicas e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Son requisitos para optar a este título, a antigüidade da celebración da festa, a súa continuidade no tempo e o arraizamento da festa na localidade. Circunstancias que se cumpren no caso da festa da Coca a teor da memoria descritiva das vicisitudes históricas da mesma e os valores patrimoniais que adornan, que se acompaña.

(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º.....

Serie A N.º 2237071

Por todo isto demandamos do Pleno do Concello a aprobación desta proposta solicitando do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, competente na materia, a declaración de festa de interese turístico nacional e internacional."

INTERVENCIÓNS.-

(...)

VOTACIÓN E DICTAME.-

A Comisión Informativa de Cultura, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as presentes, sendo 10 votos a favor (4 do PSdeG-PSOE, 3 do PP, 2 do BNG e 1 do PG), estimou oportuno dictaminar favorablemente a proposta da Presidencia da Comisión nos antecedentes transcrita, e na súa consecuencia propoñer ao Concello Pleno, a súa aprobación.-"

INTERVENCIÓNS.-

O Concelleiro señor Bastos Fernández sinala que están de acordo coa proposta pero pregúntase onde van a dormir os turistas, xa que en Redondela non hai hoteis.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, sendo vinte votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 8 do PP, 3 do BNG e 2 do PG), aprobou nos seus propios términos, o dictame da Comisión Informativa de Cultura nos antecedentes transcrito.-

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:

4.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLEIROS DELEGADOS.

O Concello Pleno é informado do contido das Resolucións da Alcaldía e dos Concelleiros Delegados dende o día 6 ao 18 de marzo de 2009.-

Pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, Sendo as vinte horas e corenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende o folio núm. 070 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 2237070 ata o folio núm.071, Serie A nº 2237071, e todo o que, como Secretaria, DOU FE.-

O ALCALDE

XAIME REI BARREIRO

A SECRETARIA XERAL

ANA BEGOÑA MERINO GIL

NUMERADO ORACIÓNS OCAIS